

A soidade (provisoria) de Karla
Anxo Tarrío Varela

Ben, tranquilo, Luís, todo queda en desorde, perfectamente caótico todo tamén, como ti quererías para poderes redesorganizalo creativamente, tan farto estabas da mediocridade contornal. A lúa coido que en mingunte, non podo asegurarcho, quero dicir no devalar cara aos tellados de Compostela nos que tantos gatos nos escoitaron recitar Baudelaire e Rimbaud e cantar Brel ou Serrat, non sei de certo.

Viña eu para aquí agora, a media hora da túa ausencia, pola Caldereiría arriba, un pouco como ti, perdido, a velas vir, pero a noite era verde e Virxilio listo coa súa roda e os seus loureiros para te levar da man polos círculos que ti quixeches.

Nembargantes, agora que penso no espazo que che ocupei nas páxinas deste noso querido xornal hai dúas semanas para falar da novela (im)posíbel de Compostela sei xa de certo que ti a levabas contigo, que ti eras, que ti es, en boa medida, esa novela e, se puidese eu recuperar ese texto imposíbel, non dubides que te baixaremos entre todos para que nola traduzas ao inglés de Johnny Walker, e Karla volverá estar contigo.

Texto para ler en Boisaca Concha García Ares
(Por certo, a nena léuno moi ben)

Nun intento urxente de reunir algunhas das liñas que téñ escrito Luís Mariño dende as que poder aproximarnos, anque non fose máis que levemente, á súa complexa personalidade, escolmamos de entre algúns dos seus textos dos luns en *El Correo Gallego/O Correo Galego*, aquelas que glosan minimamente algúns aspectos que consideramos trazos indelébeis do seu ser e existir máis verdadeiros. A súa prosa ricaz, nomeadamente barroca, como el mesmo a definiu, e ramificada en múltiples vieiros nos que quixemos esquivar adrede referencias concretas a persoas, impediunos compoñer algo máis digno del e de todos os amigos que hoxe estades aquí a lle dar o derradeiro adeus. Ben mereceríades vós e el algo máis de lucidez pola nosa parte, pero a premura do tempo con que tivemos que traballar sumada a un estado emocional que ben comprenderedes, por forza devaluará a propia palabra de Luís Mariño, a quen, agora que xa el non pode reprendernos, imos saquear sen pudor ningún.

Dous trazos básicos reunía Luís Mariño que unha e outra vez se lle coaron pola súa escrita entreverándoa de nervios e músculos sobre os que ir tecendo a súa particular sinfonía humana e cultural, a súa visión do mundo. Un deles foi o seu amor e dedicación ao libro, en todos os seus aspectos, ata o punto de ter el recoñecido que quizais a súa única e verdadeira vocación fose a de editor. E iso demostróunolo abundantamente, como xa sabedes os que fóchedes amigos seus. Pero hoxe queremos traer aquí unha anécdota contada por el mesmo que nos dá noticia asemade doutro risco do seu talante: a xenerosidade cos amigos. Escoitémolos:

Hai xa bastantes anos, Eduardo Blanco Amor regresou a Ourense dende Bos Aires, onde tanto tempo estivo exiliado. A súa situación, especialmente a económica, era moi penosa e algunha editorial xenerosa enviávalle os libros non vendidos por se el conseguía vendelos aquí. Eduardo, que era moi coqueto e moi pudoroso, viña tódolos días á librería “La Región” que eu dirixía cunha bolsa como a das modistas, poñíama riba da mesa e dicíame

con linguaxe modisteril: ‘Bos días, señor Mariño, veño a entregar’, e deste xeito nunha semana vendimos tódolos restos de *La catedral y el niño* e de *Las buenas maneras*, o libro, este último, máis intelixente e simpático que eu lin sobre o tema; un libro tan espectacular que o reeditei catorce anos máis tarde sendo director de Edicións Xerais de Galicia.

A outra trabe segura que podemos afirmar como formando parte fundamental do seu existir e que atravesou decote a súa escrita con máis sinceridade foi a súa condición de home urbano, e máis concretamente de compostelano, pero sobre todo de nostálgico da cidade como ágora, como ámbito de relacións humanas, tal e como foi, e nalgunha medida aínda o é, Santiago, ata o punto de que el nunca se sentiu a gusto fóra desta cidade, coa que mantivo unha forte relación de nostalxias e de melancolías, de amores e de reproches, ao ver cómo paseniñamente foi perdendo ela precisamente esa súa antiga condición de ágora onde os cidadáns se vían todos os días e todos os días alimentaban as pequenas grandezas ou miserias que conforman o humano vivir.

Para ilustrar esta outra faceta súa, rematamos cunhas palabras que Luís finxía dirixir ao seu gato, Karla, interlocutor mudo, pero que, en boa medida, nos representa a toos os que fomos caendo no silencio e na incomunicación. É dicir a todos os que desertamos da ágora para adentrarnos no calexón das présas e do ir cara a ningures. Din así esas liñas de Luís e con elas pechamos esta pequena homenaxe:

Un confesa ser tamén nostálgico da súa cidade, nostálgico do entramado de relacións humanas que emanaban daquelas ágoras, nostálgico daquel despilfarro de tempo adicado á convivencia en detrimento de cativas ambicións. A frase dirixida a min decote é tan ilustrativa como a miña resposta:

¡Cánto tempo, agora tan só te vexo na televisión ou no xornal!

E eu respondo, xa canso e un pouco cabreado:

Pois sigo a vivir na mesma casa na que nacín hai xa máis de medio século, na que ti pasaches tantas horas tecendo e destecendo utopías, e o meu número de teléfono segue a ser o mesmo que tiña meu pai antes de eu nacer.

Non soporto e non recoñezo a miña cidade, nin as novas aldeas aillantes que medran co desorde de células de cancro nos arredores, na súa falsa ruralidade (...) Eu insisto, son nostálgico daquela miña cidade, dos meus xogos nas pequenas praciñas, das conversas interminables polas rúas ata que a alba ou unhas campanadas máis insistentes che devolvían a outras ensoñacións (...) Pero aínda hai outra nostalxia: a que eu sinto na miña cidade e que non é posible rehabilitar, a que habería sentir hoxe en Bloomsbury Virginia Woolf e os seus amigos, a que habería sentir e que sentiu G.E. Moore cando escribiu nos seus *Principia ethica*:

Nós coñecemos estados de conciencia que poden ser descritos como o pracer das relacións humanas...son elas as que

constitúen o fin derradeiro e razoable das actividades humanas e o único criterio do progreso social.

“E isto, Karla, remata Luís Mariño, é irreversible e a causa do noso esgazamento de dandys trasnoitados, de apaixonados pola condición humana...”

Moitas gracias pola vosa comprensión.